




LETRAS GALEGAS 2018



Adicado a

Maria Victoria Moreno

Mércores 16 de maio ás 19:00 h

Sesión de contacontos: Bandullo azul “Mar adiante”

Entre a narración oral, a teatralización e a musicalización, prestarán atención a escritora homenaxeada no “Día das Letras Galegas 2018”, María Victoria Moreno e a súa obra de narrativa “Mar adiante”, adaptando e presentando os contos incluídos nese volumen. Por outra banda engaden na sesión de contos o repertorio tradicional e popular sen deixar de lado a música en directo, “os contos –cantados” os xogos co público e como non, o bo humor.

Un espectáculo participativo e pensado para público familiar.



XOVES 17 DE MAIO ÁS 11:30 H

Biblioteca na rúa, librerías, música-teatro, actividades lúdicas e didácticas

RÚA PEONIL

XINCANA POLA LINGUA

Trátase dunha actividade lúdico didáctica para 50 ou 100 pequenos-as . Estes pequenos divídense en grupos máis reducidos que van pasando por diferentes actividades e probas coa finalidade de tratar sobre diversos temas: **a lingua galega, a cultura galega.** M.^a Victoria Moreno perseguinto sempre poñer en valor a cultura galega.

HABERÁ PROBAS DE HABILIDADE, DESTREZA, PREGUNTAS, PROBAS COLECTIVAS, ENTRETENIMENTOS

Tirando un dado decídese o tipo de proba que van ter que superar, por exemplo co número 1 pregunta sobre a lingua, número dous pregunta de verdadeiro ou falso, número 3 proba de habilidade , e así...

As idades recomendadas para participar nesta actividade son de 5 a 12 .

INSCRICIÓN: CASA DA CULTURA “RAMÓN MARTÍNEZ LÓPEZ”

PRAZAS LIMITADAS



XOVES 17 DE MAIO ÁS 13:00 H



ODAIKO E FANTOCHES BAJ

Espectáculo musical e teatral MAR ADIANTE



Este espectáculo que mistura cántigas e música virtuosa en directo, danza e marionetas, poñendo en valor a capacidade literaria e didáctica de M.^a Victoria Moreno.





SINOPSE: seguindo o argumento da obra Mar Adiante de M.^a Victoria Moreno, recreamos a historia do barco-escola “O Arroás”. O capitán Xosé Lois, o carpinteiro Miguel que c construíu o barco, a mestra(a propia M.^a Victoria) e a tripulación do barco (o público) comparten travesía cun obxectivo firme: navegar ata a illa dos paxaros para que estes volten á Carballal de Portosuril.

Os arroaces, o vento do norte, as mareas e as estrelas do firmamento son as protagonistas grazas ás marionetas que recrean o conto de Crarisca e o Luceiro.

Un espectáculo que mistura cántigas e música virtuosa en directo, danza e marionetas: poñendo en valor a capacidade literaria e didáctica de M.^a Victoria Moreno.

Trátase dunha coprodución de **Odaiko e Fantoches Baj**, sobre a obra “**Mar Adiante**”, de M^a Victoria Moreno Márquez (a quen se lle adica o día das Letras Galegas no ano 2018) está dirixida a público infantil .

ODAIKO É UNHA FORMACIÓN ARTÍSTICA EN CONTINUO PROCESO CREATIVO CARACTERIZADA POLO AFÁN VANGARDISTA,

Odaiko que leva máis de trece anos enriba dos escenarios, con innumerables actuacións propias e outras colaboracións ligadas á danza, audiovisual, á música clásica e á didáctica musical.

Este espectáculo vai dentro do programa da Xunta de Galicia “Cultura no Camiño 2018”.

ORGANIZA:

